

UGT PIDE QUE A SAÚDE MENTAL SEXA CONSIDERADA ENFERMIDADE PROFESIONAL

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, e a secretaria de Saúde Laboral, Ana García de la Torre, presentaron o informe do sindicato: “Saúde mental e traballo”, e incidiron na necesidade de atallar unha problemática que se está convirtindo nunha lacra social no noso país.

Un informe que, como sinalou Ana García, mostra datos moi reveladores. “Pérdense 12.000 millóns de días de traballo a nivel mundial debido á depresión e a ansiedade, o que custa á economía case un billón de dólares. Na Unión Europea, os custos da mala saúde mental estimáronse en máis do 4% do PIB”.

“É fundamental poñer límites aos problemas de saúde mental no traballo”, considerou. “Falta prevención nas empresas e sobra moita precariedade laboral. A precariedade laboral enferma e mata. Segundo o Ministerio de Sanidade, o custo da depresión no noso país supera os 6.000 millóns de euros, e as perdas de produtividade por baixas laborais e prematuras representan o 67% deses 6.000 millóns de euros. Esta enfermidade será o principal problema de saúde en 2050 e en España cada día suicídanse 11 persoas, sendo a primeira causa de morte non natural no noso país e a primeira causa de morte na poboación entre 15 e 29 anos”.

Ademais, lembrou que a chegada da pandemia COVID provocou “un aumento do 25% da ansiedade e a depresión xeral en todo o mundo”, e hai colectivos moi vulnerables a esta problemática, “como as mulleres, os migrantes ou as persoas maiores. Dos 363 casos notificados sobre patoloxías non traumáticas clasificadas como trastornos mentais e do comportamento entre 2017 e 2020, o 58% corresponderon a mulleres e o 42% a homes”.



Solucionar o problema, non penalizar ao afectado/a

“Son datos extremadamente graves”, sinalou o secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez. “En 2023 levamos, ata o 1 de outubro, 451.646 baixas laborais por saúde mental; o mes de maio do 2023 foi o mes récord na historia con 56.600 incapacidades laborais temporais por saúde mental (superando os meses de confinamento do 2020 que eran 51.000 baixas); os días de baixa por trastornos mentais son xa o 15% do total (17% nas mulleres, 12,4% nos homes) e as baixas por trastornos de saúde mental teñen unha duración media de 108 días, só superado polos tumores e os problemas circulatorios”.

“O noso país ten un problema moi serio coa saúde mental no traballo que hai que atallar de maneira inmediata. Debemos debater sobre a saúde mental desde a perspectiva de solucionar o problema, non desde a necesidade de penalizar ás persoas que están a sufrir estas enfermidades”.

Neste sentido, reclamou a necesidade de “situar no centro do debate os temas de saúde mental derivados do traballo. O estrés, o mobbing, a síndrome do traballador queimado, a discriminación das mulleres no traballo...son unha parte importante das causas desta cuestión. Pero tamén os salarios baixos, as horas extraordinarias, a dificultade para conciliar a vida

persoal e profesional, o paro de longa duración e as malas condicións de traballo”.

“Non se valoran as consecuencias da dixitalización na saúde mental das persoas. Os call centers, por exemplo, traballan 7 horas de xornada completa en lugar de 8, por todo o estrés que padecen. As plataformas dixitais é outro fervedoiro de problemas de saúde mental. Nos sectores da saúde, a educación, o financeiro ou o da administración local tamén debemos mostrar especial atención en relación a esta problemática”, considerou.

Ademais, manifestou que “non se lle dá a importancia que require desde as mutuas, nin desde o tratamento nin desde a prevención”.

Propostas de UGT

Por todo iso, Pepe Álvarez sinalou a necesidade de abordar unha serie de medidas de maneira inmediata, centradas en “elaborar, coa participación dos interlocutores sociais, unha Directiva específica de seguridade e saúde no traballo comunitaria dirixida a regular a xestión dos riscos psicosociais nas empresas; actualizar a Lei de Prevención de Riscos Laborais para adaptala ás novas realidades do traballo, introducindo as avaliacións e as medidas preventivas relacionadas coa sa-

Continúa na páxina seguinte...

úde mental e os riscos específicos da dixitalización na empresa; impulsar unha normativa diferenciada sobre a xestión dos riscos psicosociais de orixe laboral; e dotar de perspectiva de xénero á prevención de riscos laborais”.

Ademais, reclamou “negociación, no seo das empresas, de protocolos contra o estrés laboral, a violencia no traballo e o acoso laboral; garantir a reparación do dano á saúde mental, así como evitar que volva suceder, actuando desde unha perspectiva preventiva; actualizar a listaxe de enfermidades profesionais español, para que sexan incluídas as patoloxías derivadas da saúde mental e as enfermidades mentais vinculadas ao traballo;

formar e dotar de ferramentas ás persoas traballadoras para que poidan identificar e saber actuar ante as distintas situacións que poden afectar á súa saúde mental e que teñen lugar na contorna laboral; e articular un Plan de Choque contra a Sinistralidade Laboral de forma urxente, a través da apertura dunha Mesa de Diálogo Social, que contemple a redución da incidencia dos riscos psicosociais entre a poboación traballadora”.

Para Pepe Álvarez, é igualmente importante a “creación dunha figura a nivel estatal, similar á do Delegado/a Territorial de Prevención de Riscos Laborais, existente nalgúns comunidades autónomas; incrementar os investimentos en saúde mental, tanto as empresas como

as administracións; promover a xestión preventiva no seo da empresa, evitando a externalización masiva; abordar a falta de calidade da xestión preventiva dos servizos de prevención alleos, a través dunha revisión e modificación da Orde TIN/2504/2010 do 20 de setembro; promover a aprobación dunha nova normativa de Mutuas que vele, realmente, polos intereses da saúde de todos os traballadores e traballadoras e a erradicación das malas prácticas realizadas por algunhas mutuas na xestión das contingencias profesionais; e reforzar os medios humanos e materiais da Inspección de Traballo, co fin de que vixie o cumprimento da Lei, cumprindo coa recomendación da OIT de dispoñer dun Inspector/a por cada 10.000 persoas traballadoras”.

UGT-GALICIA CELEBROU EN SANTIAGO O ENCONTRO SINDICAL INTERXERACIONAL

Redacción.- UGT-Galicia celebrou este mércores en Santiago o Encontro sindical interxeracional no que se estableceu un diálogo entre persoas de diferentes idades do Sindicato en Galicia para poder amosar a pluralidade de visións e opinións.

Tomouse nota de melloras que se poden realizar de cara ao futuro e intentábase implicar aos participantes como motor deste cambio.

Nesta xornada analizáronse e debateuse sobre as diferentes formas que pode haber de facer sindicato; a realidade sindical antes e agora; e abríronse dous grupos de traballo, un no que se lanzou a pregunta “Que cambiarías de?”, e outro, “Da análise á acción”.



UGT-VIGO ORGANIZA O VINDEIRO MÉRCORES O XXVII ENCONTRO SINDICAL DA MULLER

Redacción.- UGT-Vigo organiza o vindeiro mércores o XXVII Encontro sindical da muller, nesta edición, baixo o lema “Unidas e fortes, avanzando pola igualdade”.

Este encontro será presentado pola secretaria de Igualdade de UGT-Vigo, de seguido, os secretarios xerais de UGT-Vigo e UGT-Galicia dirixirán sendos saúdos ás persoas asistentes. Xa o acto de inauguración correrá a cargo do alcalde da cidade olívica.

Están previstas dúas ponencias cos seus respectivos debates. A primeira correrá a cargo da vicesecretaria xeral de UGT e da secretaria de Igualdade de UGT-Galicia.

A segunda será desenvolvida por Mónica González, inspectora de Traballo e especialista en temas de igualdade laboral, e por Carmen García, técnica da Área de Muller de UGT.

A concelleira de Igualdade do consistorio olívico e a secretaria de Igualdade de UGT-Vigo serán as encargadas de clausurar o XXVII Encontro sindical da muller.



ASINADO O ACORDO SOBRE MEDIDAS QUE MELLORAN O SISTEMA EDUCATIVO GALEGO

Redacción.- UGT, xunto con CCOO e ANPE, asinaron o pasado mércores con Educación o “Acordo sobre medidas que melloran o funcionamento do sistema educativo e as condicións laborais do persoal funcionario e laboral docentes da Comunidade Autónoma de Galicia que imparte as ensinanzas reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación”, logo das negociacións mantidas ao longo de toda a semana pasada no seo da Mesa Sectorial.

Os tres sindicatos lamentan a actitude da CIG nesta negociación, que se negou a facer unha soa achega ata a terceira sesión, en temas tan importantes como a redución de rateos, redución do horario lectivo, recoñecemento da responsabilidade asumida polos equipos directivos, racionalización da burocracia, etc.

UGT desde o primeiro momento puxo todos os esforzos en presentar achegas que mellorasen a proposta inicial da Administración nos temas centrais da negociación.

Redución de rateos:

Neste apartado finalmente conseguiu-se:

- Definir a redución de rateos en Infantil e Primaria, Secundaria e Bacharelato a 20, 25 e 30, respectivamente. A redución en Infantil comezará no curso 2024/25 de forma progresiva e continuará en Primaria da mesma forma. En Secundaria e Bacharelato adiantouse a negociación do calendario de implantación das novas rateos á finalización do proceso en Educación Infantil.

- Non se realizará o peche de unidades nin supresións de persoal naqueles centros de Infantil, Primaria, Secundaria ou Bacharelato, se coas rateos finais a aplicar non correspondese facelo.

- As aulas que no curso 24/25 estean entre 20 e 25 alumnas/os non verán incrementado o seu número actual de alumnado durante todo o proceso de implantación. Isto resulta fundamental, xa que introduce rateos flexibles en función da realidade de cada centro compensando así a duración do proceso.

- Dende o curso 24/25 computará a todos os efectos o alumnado repetidor. O alumnado con discapacidade igual ou superior ao 33%, cun grao 1 de dependencia ou cun trastorno grave de conducta, compu-

tará dobre. Aquel que teña un grao de discapacidade superior ou igual ao 65% ou grao de dependencia 2 ou 3, computará triple.

- Reactivación inmediata do Acordo de Agrupamentos asinado en xullo de 2009, as rateos redúcense a 14, 12 e 10 alumnas/os nas aulas que mesturan alumnado de diferentes niveis, ciclos e/ou etapas.

Todas estas medidas van supoñer unha redución efectiva de alumnado en moitísimas aulas de Galicia dende o curso que vén, evitando a sangría de supresións que se producían cada ano.

Redución de horario lectivo:

Finalmente, a Consellería viuse obrigada a abordar este tema cunha redución do horario lectivo nas etapas de Educación Infantil e Primaria a 23 horas. Esta baixada supón un paso previo á recuperación das 18 e 21 horas lectivas co compromiso de negociación da redución global do horario lectivo en todos os corpos docentes, vinculado á redución da xornada laboral de 37,5 a 35 horas semanais para todos os empregados públicos. Esta medida xa se fixo efectiva en varias comunidades autónomas.

Incluír un avance e un compromiso neste apartado constituíu un punto fundamental para as organizacións asinantes durante todo o proceso negociador.

Melloras retributivas:

Neste apartado, que non era o prioritario do acordo, aínda que si de suma importancia, conseguimos avances importantes para distintos colectivos.

- Unha suba de 60€ para cargos directivos, responsables de centros de menos de tres unidades e outros postos de responsabilidade.

- Unha suba do 20% nos sexenios, vencellados á formación permanente, e complementos de titoría e outras funcións docentes, que abranguen á totalidade do profesorado galego.



Racionalización da burocracia:

Ante as constantes demandas por parte do colectivo docente pola sobrecarga burocrática, establécese a creación neste curso dun grupo de traballo para elaborar un plan de simplificación das tarefas burocráticas que se aplicará xa no curso 24-25.

A sinatura deste acordo non supón en ningún caso a renuncia á recuperación do horario lectivo das 18 e 21 horas lectivas nin a seguir avanzando noutras melloras de carácter retributivo e laboral.

De feito, xa está tramitada a solicitude ante Función Pública para iniciar a negociación da redución da xornada laboral a 35 horas semanais para todas e todos os empregados públicos. Esta redución ten que conlevar, non só a redución do horario complementario, senón tamén a redución do horario lectivo de todo o profesorado galego.

Como balance do acordo acadado, podemos concluír que é positivo, entre outras polas seguintes razóns:

- Recolle boa parte das reivindicacións realizadas polas nosas organizacións durante os últimos anos e negociadas, con talante e altura de miras, durante a Mesa Sectorial da semana pasada.

- É un acordo que non requeriu ningunha xornada de mobilización por parte do profesorado, o que confirma que a estratexia rupturista e só mobilizadora que propugnan outras organizacións sindicais non consegue resultados e resulta estéril se non se acompaña de vontade e capacidade de negociación.

- Enfróntanos ao descenso demográfico reducindo o alumnado por aula e mantendo os postos de traballo en vez de eliminar unidades e destruír emprego docente.

CONVOCADA FOLGA INDEFINIDA DESDE O 16 DE OUTUBRO NO SECTOR DA LIMPEZA NA PROVINCIA DE LUGO

Redacción.- O sector da limpeza da provincia de Lugo inicia o luns unha folga convocada por UGT, xunto con CCOO e CIG. O colectivo anuncia un paro indefinido e acusa á patronal de desprezo cara aos traballadores e traballadoras.

Colexios, ambulatorios, centros de traballo privados, instalacións municipais... a partir do luns 16, todos estes espazos veranse afectados pola folga indefinida que convocou o sector da limpeza de edificios e locais da provincia de Lugo.

O convenio caducou o 31 de decembro do 2021 e os sindicatos xa desde antes tentaron sentar a mesa de negociación, algo que lles custou moito.

O pasado 20 de xuño convocaron unha xornada de paro e unha semana máis tarde tiveron a última reunión coa patronal. Desde entón, sosteñen que a patronal non lles deu resposta algunha. Isto fai que os sindicatos vexan na patronal unha estratexia para tentar dilatar ao máximo o novo convenio e non revisar

os anos anteriores.

Agora mesmo o salario mínimo interprofesional xa supera o recollido polo convenio, xa que o soldo dunha limpadora está uns 1.800 euros por baixo. Por iso é polo que sosteñan que non van pasar por un acordo menor ao que marca a propia Lei.

A proposta da patronal é unha subida do 0 % para o 2022 cunha prima non consolidable de 272 euros, subir un 4 % no 2023 cunha prima de 200 euros e outro incremento do 4 % para os exercicios 2024 e 2025 sen ningunha cláusula de revisión.

Os traballadores, que aseguran que xa axustaron as súas propostas, reclaman un aumento do 5,7% para o 2022,



que se correspondería co IPC real, do 5,5 % para o 2023 e do 4 % para o 2024, ademais dunha cláusula de revisión ao cruzamento. Isto para garantir salarios similares ao SMI, xa que a proposta patronal o situaría por debaixo da propia Lei.

O da limpeza é un sector altamente feminizado e con xornadas parciais, ademais de moi precarizado. O pasado mércores convocouse unha marcha que saíu da Praza Maior de Lugo, como antesala da folga.

UGT DENUNCIA O ABANDONO DA CANCEIRA DE SANTIAGO

Redacción.- UGT Servizos Públicos da provincia de Coruña denuncia o total abandono do persoal e instalacións do refuxio de animais de Bando en Santiago.

Logo de intentar contactar por correo co concelleiro responsable, sen obter resposta, intentouse coa alcaldesa con similar resposta, a calada.

Pois ben, UGT-SP quere facer pública a situación que as e os traballadores deste centro están a padecer diariamente: falla total de limpeza nas súas instalacións de vestiarios, espazo de descanso, cociña, zonas utilizadas polos usuarios do centro, etc.. dende fai máis de 5 anos; teñen que compartir a cociña onde se realiza o descanso e se come, co espazo onde se lava o material sucio (mantas, toallas,...) dos animais; todo o material veterinario está obsoleto; a instalación eléctrica é caótica, con perigo de electrocución pola cantidade de humidade que se filtra polas paredes; as portas metálicas dos canís que se abren diariamente

varias veces están faltas de mantemento con bisagras rotas, o que pon mais en risco ao persoal. En resumo, existe unha total falta de seguridade e de hixiene no entorno de traballo, a pesar de ter avisada en numerosas ocasións á Dirección e membros do Padroado.

A pesar de todo o enumerado ata o de agora, é destacable que o persoal estivo e está realizando as súas tarefas diarias con suma entrega e profesionalidade. Nestes intreos, o aumento constante de recepción de animais (cans e gatos) fan que estean desbordados de traballo e sen visos de que se lles



reforce con mais efectivos.

Por todo isto, UGT-SP ven a denunciar publicamente a situación do persoal que está ao límite das súas forzas e aguante.

A SANIDADE PRIVADA DA PROVINCIA DA CORUÑA CONTINÚA MOBILIZÁNDOSE

Redacción.- Os traballadores e traballadoras da sanidade privada da provincia da Coruña abriron un calendario de mobilizacións xa hai 15 días para demandar un convenio digno para o sector.

Esta semana tivo lugar a cuarta mobilización, unha concentración fronte ao Hospital Modelo na Coruña. Lembrar que nas últimas semanas xa tiveron lugar concentracións na Coruña, Santiago e Ferrol.

As negociacións do convenio remóntanse a decembro de 2022 cando UGT, xunto con CIG e CCOO, propuxeron unha redución do total de horas a 1.720; que non se tocasse o 5% do salario base nos trienios; que non se tocasse o cobro do 100% no caso de baixa; e que os domingos se pagasen con 30 eu-



ros; así como a necesidade de actualizar as táboas salariais.

Pola súa banda, a patronal négase a baixar das 1.792 horas anuais; en canto aos trienios, limitase a unha cantidade fixa; pretende reducir o cobro nos tres

primeiros días das baixas; e négase a pagar os domingos.

Ante esta situación de bloqueo, os traballadores e traballadoras estanse a mobilizar en demanda dun convenio digno.

XORNADA MUNDIAL POLO TRABALLO DECENTE: AS PERSOAS, NO CENTRO DAS POLÍTICAS PÚBLICAS

Redacción.- Con motivo da celebración o 7 de outubro do Día Mundial polo Traballo Decente, UGT reclama mellores empregos e salarios para a poboación traballadora. A proporción da riqueza mundial que se destina aos salarios diminuíu un 13% nos últimos corenta anos, a pesar de que a economía mundial cuadriplicouse. A riqueza non se está repartindo entre as persoas traballadoras, senón que están a engordar os petos das empresas.

A reforma da gobernanza europea non pode, baixo ningún concepto, volver a políticas de austeridade que con frecuencia conlevan diminución de dereitos para as e os traballadores, reformas laborais regresivas, que descentralizan a negociación colectiva, favorecen o despedimento, comprometen a saúde e a seguridade nos centros de traballo e, en definitiva, profundan só na precarización do traballo, ademais de recortar en servizos públicos, reducir a protección social ou diminuír as pensións.

UGT solidarízase con todas e todos os traballadores do mundo para conseguir que os salarios, a protección social e a negociación colectiva garantan o traballo decente para todas e para todos, e reafirma o seu compromiso coa OIT para facer da

7 OCTUBRE
jornada mundial
por el
trabajo decente
NO A LA VUELTA DE LA AUSTRERIDAD.
POR LOS SALARIOS Y LA IGUALDAD



súa axenda unha realidade.

Neste contexto, unha delegación de UGT, encabezada polo seu secretario xeral, Pepe Álvarez, participou na manifestación, convocada pola Confederación Europea de Sindicatos (CES), o día 12 de outubro para

reclamar que as persoas se sitúen no centro de todas as políticas públicas e que se melloren os dereitos das persoas traballadoras, cun impulso decidido á cantidade e calidade do emprego que se crea e un incremento dos salarios, co fin de repartir a riqueza de maneira equitativa.

UGT APELA Á VÍA DO DIÁLOGO E DA PROCURA DA PAZ

O sindicato expresa a súa repulsa ao ataque de Hamás e a indiscriminada acción posterior do executivo de Netanyahu

Redacción.- O pasado venres 6 de outubro a organización yihadista Hamás lanzaba un ataque masivo contra Israel. Ás máis de setecentas vítimas mortais, súmanse numerosas capturas de civís e militares. O primeiro ministro israelí, Bejamín Netanyahu, declaraba o Estado de Guerra e iniciaba unha acción militar na franxa de Gaza que lanza un balance de máis de 1.200 persoas mortas e case cinco mil feridas en ambos os lados da fronteira. Unha cifra que expón con crueza a realidade bélica e de terror na zona.

A Unión Xeral de Traballadores e Traballadoras expresa a súa repulsa ao ataque de Hamás e a indiscriminada acción posterior do executivo de Netanyahu. Lonxe da vía do diálogo e da procura da paz, a dor e o despropósito só inciden no agravamento dun conflito que pronto cumprirá oitenta anos. UGT e o conxunto da comunidade sindical internacional, representada na Confederación Sindical Internacional (CSI) -da que tanto Histadrut (a confederación sindical israelí) como PGFTU (a palestina) son afiliadas- condenamos enerxicamente os sangrentos ataques de Hamás e a consecuente acción do executivo ultraconservador israelí, unha suma de factores que pode levar a unha guerra total, con consecuencias devastadoras para israelís e palestinos, así como para a rexión. A retórica extremista de ambos os lados non fará senón

empeorar o conflito, custando aínda máis vidas e afastando máis a posibilidade dunha solución pacífica e xusta.

UGT esixe o cesamento inmediato das armas e a liberación de todos os reféns secuestrados covardemente por Hamás na súa acción. Estas vítimas, sen importar a súa orixe ou status deben ser postas en liberdade xa e garantir o seguro regreso aos seus fogares. Tamén esixe o fin da acción indiscriminada contra Gaza. Así mesmo, o sindicato solidarízase con Histadrut e a PGFTU: a clase obreira sempre é a que máis paga polas guerras doutros.

Diálogo, respecto ao dereito internacional e os dereitos humanos

O camiño das armas e o sangue de Hamás, envolto ou propiciado polo seu radicalismo relixioso contra calquera que non comparta as súas ideas, e que conta co apoio técnico, financeiro e militar do réxime autoritario dos Ayatolas de Irán e da organización islamita Hezbolá, é inxustificable desde calquera punto de vista. Hamás non representa ao pobo palestino nin á súa autoridade electa, a ANP, que reclaman durante décadas o ce-



samento da violencia iniciada coa ocupación ilegal por parte de Israel e a volta á procura dunha solución pacífica. Tampouco contribúe á paz a intolerable política de asedio indiscriminada do goberno ultra de Netanyahu, que tampouco representa á maioría social de Israel, farta de vivir nunha guerra que non é súa.

UGT e a CSI fan un chamamento a todas as partes e á comunidade internacional para que se actúe en favor da paz. Este conflito de décadas de duración só pode resolverse de maneira xusta e duradeira mediante o diálogo, o respecto do dereito internacional, en particular dos dereitos humanos e a plena aplicación das resolucións pertinentes do Consello de Seguridade das Nacións Unidas para lograr unha solución baseada en dous Estados.

UGT e CCOO RECIBEN O INFORME DE PROXECCIONS SOBRE O SISTEMA DE PENSIÓNS

As organizacións sindicais reclaman a convocatoria da Mesa de diálogo social

Redacción.- UGT e CCOO, sen prexuízo dunha análise detallada do seu contido e metodoloxía, valoran positivamente a publicación realizada polo Ministerio de Inclusión e Seguridade Social do estudo de seguimento coa actualización das previsións de ingresos e gastos do sistema de Seguridade Social comprometida na reforma adoptada en 2021.

Destacan neste sentido o feito de que o resultado das medidas acordadas tanto na Mesa de Diálogo Social como coa Comisión Europea están a aliñarse, segundo determinan as conclusións do citado Informe, de forma correcta coas previsións de suficiencia e sustentabilidade das prestacións públicas, obxectivo clave dos procesos de concertación social.

Para UGT e CCOO, resulta especialmente relevante o crecemento sostido

dos ingresos por cotizacións que vén rexistrando o sistema de Seguridade Social que se deriva, entre outras causas, tanto do crecemento do emprego e a súa maior estabilidade como consecuencia da reforma laboral, a mellora dos salarios pactados en convenios colectivos, a subida do Salario Mínimo Interprofesional e a boa evolución que presenta ata o momento a implantación do novo sistema de cotización por ingresos reais de traballadores autónomos. Desta forma, o reforzamento da estrutura de ingresos, unido á desaceleración da inflación, está a contribuír á consolidación das previsións de sustentabilidade e suficiencia das pensións que no seu momento constituíron a liña argumental da reforma de pensións.



Con todo, insistimos na convocatoria da Mesa de diálogo social para que as organizacións sindicais e empresariais poidan participar xunto ao Ministerio na análise dos datos presentados no informe e déase así cumprimento ao procedemento previsto na reforma de pensións